

XORNADA DO

16 DE MAIO

M A Ñ Á :

CONSPIRACIÓN DE POETAS:

12:00 h en Zara (praza de Galicia)

Antón Lopo e Oriana Méndez

12:30 h no estanque dos patos da Alameda

Ana Romani, Claudio Pato e Pili Beiro

13:00 h no Froiz da Praza do Toural

Daniel Salgado e Estevo Creus

13:30 h na Praza de Cervantes

Xiana Árias e O Leo

ARTI

T A R D E :

16:30-21:00 h na Quintana: **diversas actividades para todos os públicos.**

Caixa de mistos. A caixaña é unha caravana na que os máis cativos poderán ver curtas de animación en galego. Habrá varias sesións ao longo da tarde.

Cadáver exquisito. Montaremos un set de gravación audiovisual e a escritora Chus Pato dará unha frase de inicio que veremos nun monitor. Ao longo da tarde poderemos maquinar nós mesmos o relato e gravar a súa continuación no set, cadaquén disporá apenas duns segundos. Ao final da xornada veremos a cadea completa na propia Quintana e a partires do día seguinte en www.revoltadasletras.org

Maratón fotográfico. Que imaxes che fan reflexionar sobre o uso do galego en Compostela? Baixa a túa cámara dixital ou o teu móbil e dispara! Poderás descargar, imprimir e expor as túas fotos na Quintana. Premio seguro!

AO LONGO DA TARDE NAS PRAZAS DO TOURAL E DE CERVANTES HABERÁ POSTOS DE LIBREIROS E OBRADOIROS DE ENCADERNACIÓN. CONTINUARÁN AÍ NA XORNADA DO 17 DE MAIO.

16:00-21:00 h **Arte na rúa.**

Os artistas **Antón Caamaño** e **Edita Rodríguez** convidánnos a unha acción-intervención na praza do Toural.

Osiris, Talos e Meös, grafiteiros de Santiago, traballarán ao longo da tarde no paseo da Alameda.

Achégate, a súa destreza é espetacular.

20:00-22:00 h **Turismo mental por Santiago de Compostela.**

Unha visita guiada polos ecos e a cidade, unha cata sonora, un labirinto cheo de indicios elocuentes e discretas revelacións, como as que conducen a resolver un crime.

Guiados por **Quico Cadaval** o paseo irá do xardín de estatuas da Ferradura até a sombriza necrópole de San Domingos de Bonaval. Nesta conxura participarán outros fenómenos dos ecos, dos ocos, das voces e dos acentos: **Monicreques de Kukas**, músicos, **Paulina Ceremuzynska**, **Paco Macías**, **Lois Rodríguez**, **Charo Barba**, **Victor Ferreira**, **Antón Dobao**, **Margarita Ledo**.

22:30-23:45 h **Curtocircuito** na Praza de Abastos.

Proxección de curtametraxes galegas

Don señor e o home do soño. Juan Ignacio Abia Carrera

Bata por fóra (Muller por dentro). Claudia Brenlla López

1977. Peque Varela

Cores. Jairo Iglesias

O pintor de ceos. Jorge Morais

Auga. Xosé Antón Perozo Porteiro "Ozo"

Infórmate en www.revoltadasletras.org

AO LONGO DA XORNADA, A ASOCIACIÓN GENTALHA DO PICHEL ORGANIZARÁ DIFERENTES ACTIVIDADES NO PASEO CENTRAL DA ALAMEDA: CABEZUDOS, SESIÓN VERMÚ, CAMPIONATO DE BILLARDA, CONCERTOS... (www.agal-gz.org/gentalha).